

DO LOCAL AO GLOBAL: ACADAR OBTIVOS PARA O TERRITORIO CONTRIBUÍNDOL A METAS COMÚNS

POR QUE?

A fase de deseño das Estratexias (EDPL) para o período 2021-27 é a mellor oportunidade para pensar cómo incluír obxectivos que unen desenvolvemento económico, inclusión social e conservación do medio ambiente.

PARA QUE?

Para dispor de ferramentas que apoién unha economía competitiva e eficiente no uso dos recursos, fomenten a igualdade e a integración social e protexan o entorno natural, cultural e social.

COMO?

Aproveitando o debate sobre as necesidades, obxectivos e liñas de actuación na estratexia de cada grupo para considerar que obxectivos marcan as principais políticas europeas e autonómicas e como propoñen acadalos.



METAS COMÚNS

Desenvolvemento sostible



Creación e mantemento do tecido empresarial e do emprego



Reto demográfico



Adaptación ao cambio climático



Cohesión territorial



Fomento da igualdade e integración da perspectiva de xénero



Integración social





ADAPTACIÓN AO CAMBIO CLIMÁTICO

QUE É?

Actividades orientadas a reducir a vulnerabilidade do sector pesqueiro e outros axentes chave fronte ao cambio climático

PARA QUE?

Para reducir os imprevistos derivados do cambio climático que poden causar perdas socioeconómicas e facilitar a transición a un sector cun menor impacto medioambiental.

ONDE PODE IR NA TÚA ESTRATEXIA?

DIAGNÓSTICO

Valorar o impacto medioambiental das actividades do territorio ante a subida do nivel do mar, cambios nos patróns climáticos e patóxenos ou especies invasoras



OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

Actividades orientadas a reducir o cambio climático e os impactos deste sobre as actividades cotiás do sector



CARACTERÍSTICAS INNOVADORAS DA ESTRATEXIA

Cada territorio debe adaptar as actividades a desenvolver en función da tipoloxía do tecido empresarial e dos impactos que estes xeran sobre o sistema



Aumentar a capacidade de adaptación



Aumentar a concienciación social



Reducir o impacto medioambiental



Aumentar as medidas de recuperación do entorno

PRINCIPAIS POLÍTICAS

- Axenda 2030
- Estratexia sobre Biodiversidade
- Enfoque da Economía Azul
- Programa do FEMPA
- Plan de Acción de Economía Circular
- Estratexia da Granxa á Mesa
- Estratexia Galega de Cambio Climático
- Rexional Integrado de Enerxía e Clima

- Estratexias de xestión ante o potencial incremento de especies exóticas ou invasoras ou con efectos non desexados no ecosistema
- As embarcacións de pesca e as persoas mariscadoras poden contribuir á recollida de información para as redes de observación e seguimento do cambio climático
- Reforzo de infraestruturas destinadas a dar apoio ao sector pesqueiro ante eventos meteorolóxicos derivados do cambio climático
- Posta en práctica de solucións baseadas na natureza (ver infografía Conservación dos recursos e do medio)
- Contribuír á concienciación social (sensibilización da cidadanía)
- Deseño de medidas de adaptación para os colectivos ou sectores identificados na diagnose da estratexia



UNIÓN EUROPEA
FONDO EUROPEO MARÍTIMO
Y DE PESCA (FEMPA)





CONSERVACIÓN DOS RECURSOS E DO MEDIO

QUE É?

Actividades para protexer os recursos e o medio que os contén, fomentando a xestión sostible

PARA QUE?

Para preservar a conservación e continuidade dos recursos, garantir a produtividade do medio e evitar perdas económicas pola falta dos recursos

ONDE PODE IR NA TÚA ESTRATEXIA?

DIAGNÓSTICO

Análise dos recursos mariños e ambientais dispoñibles no territorio



CARACTERÍSTICAS INNOVADORAS DA ESTRATEXIA

Cada territorio debe adaptar as actividades a desenvolver en función da tipoloxía do tecido empresarial e dos impactos que estes xeran sobre o sistema



OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

Obxectivos encamiñados a revalorizar o territorio e os seus recursos, á par que se mantén o aproveitamento do patrimonio e as actividades económicas que neste se levan a cabo



METAS



Aumentar a superficie mariña protexida



Aumentar o enfoque ecosistémico na xestión pesqueira



Aumentar a recuperación da biodiversidade



Aumentar a calidade dos ecosistemas

PRINCIPAIS POLÍTICAS

- Axenda 2030
- Estratexia sobre Biodiversidade
- Enfoque da Economía Azul
- Programa do FEMPA
- Estratexia da Granxa á Mesa
- Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3 2021-2027)

- Solucións baseadas na natureza. Protección e recuperación de hábitats mariños e costeiros de importancia para a reprodución de organismos mariños ou situados en zonas da Rede Natura 2000
- Medidas para o control e seguimento das actividades pesqueiras coa fin de mellorar a protección, conservación e sostibilidade dos recursos mariños
- Accións de sensibilización sobre a protección, restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños e sobre a pesca artesanal e marisqueo a pé, mediante o intercambio e difusión de boas prácticas e experiencias coa participación dos profesionais e outros interesados
- Participación de colectivos do territorio en tarefas que combinen concienciación e contribución ao bo estado do ecosistema: ciencia cidadá, campañas de concienciación activa, recollida de lixo, etc
- Accións formativas para dotar de competencias adecuadas na xestión sostible dos recursos
- Actividades que contribúen a promover o papel das mulleres no sector pesqueiro
- Os produtos do mar como parte de dietas saudables e sostibles. Certificación e etiquetado sobre a sostibilidade dos produtos do mar





DIVERSIFICACIÓN

QUE É?

Ampliación das actividades ou produtos ofertados polas empresas marítimo - pesqueiras ou outras entidades do territorio

PARA QUE?

Para favorecer o desenvolvemento socioeconómico do territorio, ampliar as actividades que xeran valor e favorecer as conexións do sector pesqueiro

ONDE PODE IR NA TÚA ESTRATEXIA?

DIAGNÓSTICO

Análise do grao de diversificación do territorio e do sector e como aumentalo



CARACTERÍSTICAS INNOVADORAS DA ESTRATEXIA

Incremento das actividades turísticas relacionadas co sector marítimo - pesqueiro e respetuosas co medioambiente



OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

Obxectivos encamiñados ao aumento dos produtos e actividades ofertadas no territorio



Aumentar a promoción de espazos e actividades relacionadas co sector



Reducir as distancias de suministro dos produtos, creando modelos de negocio que abarquen toda a cadea produtiva e outras actividades, como o turismo marítimo - pesqueiro

PRINCIPAIS POLÍTICAS

- Axenda 2030
- Blue Invest II
- Estratexia Galega de Biotecnoloxía
- Estratexia da Economía Azul
- Plan territorial de Sustentabilidade Turística do Litoral Galego
- Programa do FEMPA
- Plan Director 2021-2023 Galicia Destino Seguro
- Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3 2021-2027)



- Promover circuitos curtos de suministro e de produtos locais de alta calidade
- Conservación e aproveitamento do patrimonio mariño
- Turismo mariño e de experiencias turísticas (por exemplo, travesías náuticas, turismo astronómico) que poñan en valor o patrimonio inmaterial, incluíndo o patrimonio subacuático
- Integración do patrimonio industrial do mar e itinerarios configurados en torno a puntos ou recursos senlleiros
- Deporte náutico e eventos deportivos (por exemplo, vela, piragüismo) como actividade desestacionalizadora na costa e base para artellar un produto turístico e promoción do mesmo en feiras sectoriais.
- Diversificación dos portos como espazos "vivos" e atractivo turístico (promoción, venda de produtos, campañas de sensibilización, gastronomía-degustación, etc.)
- Elaboración de material divulgativo (guías, carteis, etc.) de maneira harmonizada buscando sinerxías e colaboracións entre territorios.
- Conceptualización e deseño de itinerarios turísticos
- Aproveitamento de recursos mariños para a obtención de bioprodutos.





ECONOMÍA CIRCULAR

ONDE PODE IR NA TÚA ESTRATEXIA?

DIAGNÓSTICO

Recollida e procesado de datos sobre a xestión dos residuos e posibles melloras no sistema de xestión



CARACTERÍSTICAS INNOVADORAS DA ESTRATEXIA

Pódense iniciar actividades que conecten diversas empresas e sectores do territorio para conseguir o aproveitamento máximo dos recursos xerando os mínimos residuos posibles



OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

Obxectivos que poñan en valor o territorio, os recursos e incluso os residuos transformándoos en produtos útiles de novo



METAS



Aumentar a optimización dos recursos naturais



Aumentar a sensibilización medioambiental



Aumentar o aproveitamento dos residuos



Reducir os residuos xerados

PRINCIPAIS POLÍTICAS

- Axenda 2030
- Pacto Verde
- Plan de Contaminación Cero
- Programa do FEMPA
- Estratexia Galega de Economía Circular
- Plan de Acción Economía Circular EU

QUE É?

Sistema de produción e consumo que implica compartir, reutilizar, reparar e reciclar materiais e produtos as veces que sexa posible para crear valor engadido

PARA QUE?

Limitar o impacto medioambiental das actividades económicas do territorio cunha redución dos residuos xerados e mellorar o estado ambiental



- Deseño de procesos e produtos para optimizar o uso de recursos naturais no sector pesqueiro e outros sectores relevantes no territorio
- Accións de sensibilización centradas no consumo
- Preparación para reutilización e reciclaxe dos residuos
- Fomentar o papel das redeiras como axentes clave en modelos de economía circular do sector pesqueiro. Accións de complementariedade con outros sectores.
- Campañas de sensibilización sobre os efectos dos residuos no medio mariño e as iniciativas do sector pesqueiro para a protección
- Concienciar sobre o impacto do abandono das artes e equipos de pesca
- Aproveitamento de subprodutos e residuos da pesca e da acuicultura
- Actividades e equipamento de recollida de plástico en praias por parte de grupos e colectivos do territorio
- Elementos sostibles de envasado e empaquetado de comidas e bebidas para o servizo de entrega a domicilio ou de recollida, para o cumprimento da Lei de Residuos de Galicia (hostalaría), etc





TRANSFORMACIÓN DIXITAL

QUE É?

Empregar a tecnoloxía para traballar e producir mellor e prestar mellores servizos

PARA QUE?

Crear novas actividades, prestar servizos, facilitar que a xente se instale no territorio e se desenvolva profesionalmente

ONDE PODE IR NA TÚA ESTRATEXIA?

DIAGNÓSTICO

Informar sobre o grao de dixitalización das empresas do sector pesqueiro



OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

Obxectivos comúns para tódalas empresas e entidades do territorio



CARACTERÍSTICAS INNOVADORAS DA ESTRATEXIA

Pódese empregar para conectar os sectores, crear novos sistemas de negocio ou mellorar os xa existentes



Metas da "Estratexia Galicia Dixital 2030" para 2025



Aumentar empresas de venda online

< 10 empregados 15%
> 10 empregados 50%



Aumentar os dominios .gal



Reducir o consumo de papel

PRINCIPAIS POLÍTICAS

- Axenda 2030
- Estratexia de Movilidade Sostible e Intelixente
- Blue Invest II
- Programa do FEMPA 2021-2027



- Desenvolvemento de competencias dixitais e novas ferramentas (automatización de procesos, servizos na nube, Internet das cousas e dos sentidos, Intelixencia artificial)
- Ter en conta as características das empresas do sector pesqueiro e das PEMES do territorio. Follas de ruta para a dixitalización das empresas (madurez dixital, necesidades e oportunidades, mercado e capacidades dispoñibles)
- Dixitalización na xestión dos recursos (plans de xestión de recursos), e na loita contra a pesca ilegal, non regulada ou non declarada (INRND)
- Tecnoloxías dixitais de localización, mapeo e rastrexo dos recursos, vencelladas á circularidade e pegada ecolóxica: dende o punto de extracción ata a comercialización e a chegada ao consumidor final
- Accións de dinamización con empresas tecnolóxicas do territorio, así como con asociacións e clústers tecnolóxicos
- Capacitación dos profesionais do sector pesqueiro e da poboación como ferramenta de inclusión social e laboral





TRANSICIÓN ENERXÉTICA

QUE É?

Cambio nas fontes de enerxía para reducir o impacto medioambiental das actividades desenvolvidas no territorio

PARA QUE?

Reducir as emisións de carbono, aumentar a eficiencia enerxética e fomentar unha produción de alimentos con menor impacto medioambiental

ONDE PODE IR NA TÚA ESTRATEXIA?

DIAGNÓSTICO

Aportar de información a nivel local dos impactos xerados sobre o medioambiente



CARACTERÍSTICAS INNOVADORAS DA ESTRATEXIA

Mellora dos usos da enerxía para reducir custes e creación de accións ou proxectos que logo se poidan aplicar noutros territorios de Galicia



OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

Obxectivos que axuden a reducir o impacto das actividades sobre o cambio climático



Metas do “Plan rexional integrado de enerxía e clima” para 2023



Aumentar a eficiencia enerxética



Aumentar o uso de enerxías limpas ou renovables



Reducir o impacto medioambiental



Reducir a emisión de gases de efecto invernadoiro

PRINCIPAIS POLÍTICAS

- Axenda 2030
- Pacto Verde
- Enfoque da Economía Azul
- Programa do FEMPA
- Plan Rexional Integrado de Enerxía e Clima
- Estratexia de Mobilidade Sostible e Intelixente
- Plan de Acción de Contaminación Cero
- Plan de Acción de Producción Orgánica
- Estratexia da Granxa á Mesa
- Estratexia Europea de Enerxías Renovables

- Proxectos de aforro e eficiencia enerxética (auditorías enerxéticas, melloras e substitución de equipos) para a economía azul do territorio
- Proxectos demostrativos de aforro enerxético para o sector pesqueiro, comercialización e transformación
- Preparar unha xeración de profesionais con conciencia climática, medioambiental e axentes económicos ecolóxicos no territorio
- Fomento do consumo de produtos locais e cadeas curtas que reduzan a pegada de carbono
- Impulsar a contratación pública verde nas accións de funcionamento e animación do grupo (servizos de restauración con produtos ecolóxicos e de proximidade, e o uso de produtos reciclados, etc...)
- Apoiar accións de transparencia dos produtos para que os consumidores poidan basear a súa decisión de comprar dispoñendo da información necesaria (Eco-etiqueta, sistemas voluntarios de certificación, análises de ciclo de vida ou declaracións ambientais de produtos ...)

